

A partires destes tres documentos, elabora un comentario no que partindo do contido dos textos analices as características do Antigo Réxime e os posibles cambios que se van a producir nela a partires do S XVIII.

“A orde eclesiástica non compón senon un so corpo. En cambio a sociedade está dividida en tres órdes. Aparte do xa citado, a lei recoñece outras dúass condicións: o noble e o servo, que non se rixen pola mesma lei.

Os nobles son os guerreiros, os protectores das igrexas. Defenden a todo o pobo, ós grandes o mesmo que aos pequenos e ó mesmo tempo protéxense a eles mesmos.

A outra clase é a dos servos. Esta raza de desgraciados no posúe nada sin sufrimento. Provisións e vestidos son suministrados a todos por eles, poiss os homes libres non poden valerse sin eles.



Así pois, a cidade de Deus, que é tida como unha, en realidade é triple. Uns rezan, outros loitan e outros traballan. As tres ordes viven xuntas e non sufrirían unha separación. Os servizos de cada un destas ordenes permiten os traballos das outras dúas. E cada un á súa vez presta apoio aos demais. Mentras esta le estivo en vigor o mundo estivo en paz”.

Adalberón: *Carmen ad Robertum regem francorum*, ano 998.

“Sí, irmáns, non é casualidade o que vos fixo nacer grandes e poderosos (refírese ó rei e á nobleza). Deus, desde o comenzo dos séculosos, destinouvos a esta gloria temporal, sinalándovos co selo da súa grandeza e separándovos da multitude pola magnificencia dos títulos e das distincóns humanas.”

Massillón. Sermón sobre a consideración que os grandes deben á Relixión.

Jean Baptiste Massillon (1663 -1742), arzobispo de París e predicador francés. Célebre é a súa frase na eremponia funeraria de Luis XIV: “ Só Deus é grande “!

“... a masa burguesa, a que no seu conxunto se apropiou do nome do Terceiro Estado, abre as portas do século cun novo ímpetu, forza e ideoloxía. Entre esa burguesía non privilexiada, alta e baixa, negociantes, industriaiss, homes de leis, patriciado urbano, difúndense as novas concepcións ideolóxicas, racionalistas e críticas, que postulan unha transformación política e social. Porque a burguesía, de espírito emprendedor e innovadora, coñecéndose como elemento vital da sociedade do seu século, pretende quebrantar as prescripcións e privilegios que lle impiden o acceso aos cargos públicos e ó exército e a colocan en posición desventaxosa fronte ás clases sociaiss aristocráticas.”

J. Vicens Vives. Historia general moderna.